

LUIS F. IGLESIAS (1915-2010), PEDAGOGO LATINOAMERICANO, GALICIA E NOVA ESCOLA GALEGA, CON JESUALDO AO FONDO¹

LUIS F. IGLESIAS (1915-2010), LATIN AMERICAN EDUCATOR, GALICIA AND NOVA ESCOLA GALEGA , WITH JESUALDO AT THE BACK

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago de Compostela / De Nova Escola Galega
anton.costa@usc.es

RESUME

Ao longo do século XIX e ata 1936 en Iberoamérica exerceron como docentes varias decenas de profesores galegos. No presente caso, sen embargo, queremos referirnos a un fillo de pai e de nai galega, pero el xa nacido na Arxentina, o profesor Luis F. Iglesias, destacado e recoñecido pedagogo, mestre de escola rural inicialmente, impulsor da Escola Nova, didacta, creador de material didáctico, formador de profesores en diversos lugares da xeografía americana, relacionado con outros destacados educadores latinoamericanos, e con Galicia sempre no corazón, como aquí se pon de manifesto.

Palabras clave: Educador latinoamericano; Escola Nova; educación rural; metodoloxía didáctica.

ABSTRACT

From 1936 through the 19th Century, dozens of Galician teachers worked as docents in Ibero-America. In the present case, we refer to the child of a Galician father and mother, born in Argentina. This is the case of the remarkable and well-known pedagogue Luis F. Iglesias who worked as a teacher in rural schools, supported the “New School”, was a didactic teacher, a designer of teaching materials, an educator of teachers in various locations across the Americas, and associated to other remarkable Latin-American educators, with Galicia always in his heart, as is described here.

Key Words: Latin American Educator; New School; Rural Education; Teaching Methodology.

Recibido: 17/X/2016. Aceptado: XI/2016

¹ Para o alumnado que realizou o pasado 11 de xuño de 2016 o Acto da súa Diplomatura na Titulación de Pedagogía, no día en que se cumprían 33 anos da fundación en Compostela da Asociación Nova Escola Galega. Elas e eles elixíronme como Padriño. Débolles gratitude.

Para Suso Rodríguez, que dirixe con sabedoría e constancia a *Revista Galega de Educación*. Para Francisco Candia e para Carme Cambeiro, quen en Lugo e en Santiago mostran a riqueza da vida das escolas rurais.

LUIS F. IGLESIAS: “EL MAESTRO NO PUEDE QUEDARSE QUIETO; DEBE SER UN LUCHADOR”

Fotograma do documental *Luis F Iglesias: el camino de un maestro*, producido polo Instituto Nacional de Formación Docente de Arxentina.

Luis F.² Iglesias naceu en 1915 nun pequeno poboado próximo a Buenos Aires, distrito de Esteban Echeverría, provincia de Buenos Aires, a 50 km de Río de la Plata, onde vivían como emigrados os seus pais, procedentes das terras de Deza. O seu pai era ferreiro e de pequeno o fillo Luis acompañábalos para axudarlle a resolver tantos pequenos traballos que un ferreiro podía facer polas casas, pero sen esquecer a súa primeira formación, como tivo ocasión de expresar:

Después de cada jornada de sol a sol, aunque físicamente agotado, todas las noches mi padre leía. Leía con lentitud, en voz alta, para todos y comentaba cada noticia, cada artículo. Nunca agradeceré bien la suerte de que mi padre lo haya hecho. Y casi diría que oyéndolo aprendí incipientes humanidades. Y aprendí a participar en la vida del mundo entero, día a día, palpitante de actualidad. Después comprendí muy bien que no se puede ser maestro ni educador, que no se debería llegar a serlo, sino se está ligado de raíz a los aconteceres contemporáneos, dolores y alegrías de la vida misma (Iglesias, 1985, p. 25).

² Luis Fortunato Iglesias, que de modo xeral asinou e se identificou como Luis F. Iglesias, que respectamos.

Se ben, a súa nai era analfabeta, como a todos nos contou nun seu libro, que antecedeu coa seguinte escena familiar:

Mi madre nació en una aldea del campo gallego, donde no había escuela. Nadie le enseñó el arte de leer y escribir. Y cuando vino a la Argentina dos hijas pequeñas quedaron con los abuelos en prenda del regreso. En los años que vinieron después, aunque muy espaciadamente, a nuestra casa llegaban cartas que nuestros hermanos mayores leían en voz alta, para toda la familia. Y era en esos días cuando mi madre, enloquecida de impotencia y ante nuestro terror de niños, golpeaba su cabeza contra los muebles y las paredes de la casa; bloqueada por ambos caminos, no podía leer y releer por sí y para sí los magros mensajes que traían noticias de sus hijas y tampoco podía transmitirles palabra por palabra, línea por línea, sus profundas conmociones de cariño, de dolor, de esperanzas.

Por eso este libro que habla del nacimiento de la palabra escrita y de su trascendencia humana como entrañable vínculo de expresión y comunicación, en primera instancia va dedicado al recuerdo de Doña Joaquina, mi madre gallega (Iglesias, 1979, p. 5).

Desde pequeno Luis Iglesias, que tivo unha magnífica mestra da escola primaria, muller de carácter combativo e creador³, mostrou profunda estima polos papeis impresos, polos libros, aínda que só foi ao ingresar na Escola Normal de Lomas de Zamora cando puido responder á súa fame literaria, que completaba nas librerías de barato da bonaerense calle Corrientes, onde ía facéndose con modestas pero interesantes edicións: “Un maestro que no lee no funciona —escribir—. No hay posibilidad de aprender lo educativo si uno no tiene una visión humanística integrada”.

En 1935, con 20 anos, accede ao título de mestre e inicia a súa tarefa nunha escola urbana onde pronto destacou como docente inqueda, de modo que foi convocado para elaborar o discurso na data na que se conmemora en Arxentina a independencia, pero o seu ‘discurso’ sorprendeu ás autoridades conservadoras do momento, polo cal foi ‘castigado’ en 1938 co traslado a unha moi precaria escola rural⁴, situada en pleno campo con casaríos dispersos, o que, porén, deu orixe á experiencia da escola rural N° 11 de Tristán Suárez, en contacto coa dura realidade campesiña. Durante vinte anos desempeñouse alí como mestre único⁵, reuniu as súas experiencias en varios libros, entre eles *La escuela rural unitaria*, e elaborou propostas renovadoras da didáctica en todas as áreas da educación básica, que aínda hoxe son fonte inspiradora para moitos docentes.

Así, entrou en contacto cos nenos e as súas vidas no contexto rural destes anos, coa principal motivación de guialos a “aprender a pensar” e a crecer como persoas útiles a si mesmas e á sociedade.

³ Creo que na miña vocación, escribe Luis F. Iglesias en documento policopiado que nos enviou e traducimos ao galego, influíu moito unha mestra, Isolina Maffia, gran loitadora, socialista, pacifista, gran lectora e propagandista do traballo humano, que me iniciou na inquietude polo social. “Ela dábanos espazos para manifestarnos con liberdade e iso é o que eu quixen facer co meu alumnado: así aprenderon a levantar a vista, a mirar o ceo e as árbores, a escoitar os paxaros”.

⁴ Non é intención deste texto examinar a realidade escolar rural arxentina durante este tempo do que aquí se fala. Con todo, queremos facer referencia ao texto de Cristina Piña (1990).

⁵ Pode verse un vídeo sobre a súa experiencia pedagóxica co título xa mencionado *El camino de un maestro*, así como outras referencias diversas activando o motor de busca de *Google* co seu nome.

En termos do mestre: “A idea era chamar a súa atención permanentemente, coma se fose un imán. Se a escola aburre, non serve. Se non ensina a pensar, tampouco”. Falamos dunha escola cunha matrícula habitual de arredor de 30 nenos e nenas, entre os seis e os 14 anos, fillos de peóns agrícolas humildes que a miúdo facían algún traballo matutino antes de ir á escola; nenos e nenas que o mesmo mestre recollía en parte polos camiños cara a escola cunha pequena camioneta (“una chatita Ford”).

A Escola era “clase, taller e comunidade”:

Era clase: en el aula o fuera de ella se enseñaba y se aprendía, se investigaba en los textos y se leía en libros y revistas y también en las cosas vivas y muertas y en todo material utilizable...Era taller de enseñar y aprender haciendo: artes, oficios, artesanías, creatividad de juguetes, herramientas, inventos...y era comunidad, natural y viva, dentro y fuera de la escuela...; no hay clase, taller ni escuela si no hay comunidad escolar, sin cohesión de sentimientos, de intereses, de ayudas mutuas (Iglesias, 1992, p. 3).

Expresou Luis Iglesias que adquiriu os coñecementos máis relevantes en contacto cos seus alumnos e coa contorna social, tendo como constante preocupación a de achar os mellores camiños para guiar as súas aprendizaxes. O seu percorrido foi de absoluta confianza nas posibilidades da escola e particularmente no valor liberador outorgado á lectura e á escritura, en particular con estes nenos e nenas do ámbito rural, manifestando un total compromiso, ancorado en firmes conviccións políticas e pedagóxicas⁶.

La escuela era bella en su pobreza y era la escuela de la alegría, a donde iban naturalmente —querían ir, incontenibles— los humildísimos niños campesinos de la zona, que no obstante estaban ya bien curtidos por rudos trabajos de sol a sol. La escuela era, sin duda, una casita imantada. Tenía rudimentariamente, improvisadamente, todo cuanto ambiciona, reclama y necesita un niño en cualquier lugar de la tierra para crecer y ser feliz. Todos los instrumentos dignos que hacen posible la alegría, desde los goces callados y mudos, hasta los estallidos de júbilo. Y el propio trabajo escolar, dentro y fuera del aula, era la misma alegría. Con ella, abiertos todos los caminos del cuento, el canto, el color, los juegos. Con ella la amistad compartida, la comprensión y los descubrimientos milagrosos de la comunidad viva, sin vallas, ni miedos, ni prohibiciones caprichosas, ni rechazos diferenciados por edades, medios, modos de vivir. Ellos iban a la escuela normalmente, ansiosos de vivir sus días, confiados y abiertos (Iglesias, 1988).

Unha escola na que a expresión infantil gozaba do máximo protagonismo: non hai aprendizaxe posible, dirá el, sen o respecto á palabra do outro. Na escola os coñecementos adquiríanse dun modo vivencial. “Utilizabamos a linguaxe cotiá non só para falar, senón para escribir”. En *Viento de estrellas*, que é unha antoloxía de creacións infantís, pódese percibir e gozar esta fala cotiá, chea de beleza e próxima ás experiencias e ás emocións dos nenos.

⁶ Isto será patente na “Carta confidencial de agradecimiento a los docentes de E. ECHEVARRÍA”, que lles dirixe o 29 de agosto de 1988 ante a proposta de candidatura de Luis F. Iglesias para o premio Educación 1988/89 da Fundación Navarro Viola; premio que recibiu. Correspondencia particular con Antón Costa.

En la época en la que yo me formé no se le daba mucha importancia a las emociones. Lo lógico, lo racional, era lo que se valoraba. Hablar de emociones era hablar de algo que se confundía con el sentimentalismo, pero desde el inicio de mi trabajo como maestro, yo advertí que si no sentía la vida cotidiana de los niños y si ellos no podían reflejarla a través de sus trabajos escolares, los conocimientos que adquirieran no tendrían ningún sentido para sus vidas. En la escuela se hablaba mucho, se escribía mucho, se leía mucho, se discutía mucho. Nuestro salón estaba en permanente movimiento. Eran inconcebibles el silencio y la calma (Iglesias, 1980a, p. 9).

Falamos dun mestre que confía nos seus alumnos e alumnas e así escribe: o mestre debe seguir, a través de cantas oportunidades se lle ofrezan, o proceso de cada neno, para alentalo a tempo e conducilo con xusteza, dicirlle a palabra útil e necesaria, vixiar o seu ritmo de traballo, axudalo a salvar os obstáculos persoais. Esta vixilancia e este estímulo oportuno xogan un papel importantísimo na evolución do neno, alí onde a vida colectiva da aula é unha realidade tanxible e transparente. E por iso ao xulgar os traballos de cada neno impónse a necesidade de destacar sempre os achados; é importante valorar os esforzos, sen reprimir a admiración.

Si no queremos frustrar el clima de confianza mutua, necesitamos conocerlos bien, acercarnos a ellos, escucharlos haciéndolos hablar y escribir, preocupándonos seriamente por lo que dicen, quieren o reclaman; no menos importante es ver con nuestros ojos donde viven, como, y conocer sus regímenes de vida, sus ocupaciones y penurias. Nos equivocamos casi siempre cuando nos hacemos una opinión de uno de ellos sin habernos aproximado suficientemente (Iglesias, 1980a, p. 9).

En *Diario de ruta* (Iglesias, 1980b, p. 23) apunta: “la pizarra del aula es el campo más apropiado para que los niños y las niñas pierdan sus miedos y escriban y dibujen libremente, viendo, imitando, copiando, creando” e a este respecto escribirá:

El pizarrón grande desborda de monigotes y de escaleras de signos que quieren decir “mi madre canta”. Es sorprendente como se fue aclarando la escritura de Margarita, de Joaquín, de Julio. Ofelia es la única que se resiste. Viéndolos trabajar con tanto apasionamiento comprendo que hay que comenzar por el dibujo, y por el dibujo en el pizarrón, como recomendaba Pestalozzi (Iglesias, 1980b, p. 23).

Noutro momento, anota en *Diario de ruta* sobre a marcha da clase:

Con un entusiasmo que no decae en todo el día se trabaja sobre la Patagonia. Mapas y paisajes, lecturas, fotografías. Aquí, se explica en un párrafo la importancia de los diques, allí hay que enseñar a descifrar los convencionalismos cartográficos... Entre ellos surgen cuestiones y debaten; Horacio le hace hablar a Ana y Ana le da la lección conversando. Yo estoy ocupado en otro sector y oigo el rumor y las voces que se tropiezan en este grupo de mayores. Me parece que están hablando de cualquier cosa, perdiendo el tiempo. Me acerco, me siento entre ellos, me ocupo de sus cosas. No bajan sus discusiones. Mas ahora para mí es distinto: compruebo desde dentro que no pierden un solo minuto ni se apartan lo más mínimo de la cuestión. Por el contrario, se están ocupando apasionadamente, pero

sin abandonar lo que tienen entre manos. Todo es cuestión de acercarse, de verlos desde dentro (Iglesias, 1980b, 25).

Mentres isto acontecía, Luis Iglesias foi cultivando lecturas queridas: Pestalozzi, Decroly, Montessori, Ferrière, Cousinet, Ellen Parkhurst, Jesualdo, de quen co tempo será amigo, Anibal Ponce, Gabriela Mistral, o ucraíno Sujomliski ou Freinet. Tampouco faltarían Luzuriaga, Herminio Almendros, Bruno Ciari, Lodi, Korczak, Wallon, Lombardo-Radice, Makarenko ou Xirau.

Logo deste período escolar, en 1958 comezou a exercer como inspector escolar de Esteban Echeverría ata o ano 1967, asesorando a moitos docentes; en 1959 iniciou na Universidade da Prata a primeira cátedra universitaria arxentina de Organización e Didáctica do Ensino Primario, por invitación do destacado pedagogo Ricardo Nassif, que exerceu ata 1962. En 1960 gozou dunha bolsa da UNESCO que lle permitiu ter unha estadía de formación que realizou en España, Bélxica e París.

En 1961 será fundador e membro directivo do periódico *Educación Popular* —co título da grande obra do reformador arxentino Faustino Sarmiento—, un órgano de combate docente que se manterá ata 1978, onde escribirá mesmo desde o cárcere, como o fixo cando publicou en maio de 1962 (nº 5) o editorial titulado “Los tanques y la pedagogía”, estando el no Pavillón 7 da Cadea de Procesados de Caseros. En 1964 foi Delegado e Secretario Xeral da Asemblea Mundial de Educación organizada en México D. F. pola “Liga Internacional de la Enseñanza, la Educación y la Cultura Popular” e pola Academia Mexicana da Educación. En 1980 será nomeado Conselleiro Xeral de Educación na Arxentina e en 1981 consultor da UNESCO do Proxecto Nicaragua. Viaxa tamén a Cuba como conferenciante. En 1995 será nomeado profesor titular do Instituto Varona de La Habana no marco do Encontro “Pedagogía’95” e tamén profesor adxunto do Instituto Pedagóxico Latinoamericano y Caribeño.



Fotografía enviada ao autor polo propio Luis F. Iglesias, nun acto en México en 1993.

Recibiu Luis Iglesias numerosas distincións, entre elas o Premio de Crítica e Ensaio do Municipio de Buenos Aires en 1979, o Primeiro Premio Nacional de Ciencias da Educación en 1984, o Premio Anibal Ponce en 1985, o Premio Konex de Platino de Humanidades, Educación / Mestres en 1986, o Premio de Educación Navarro Viola en 1988 para mestres rurais⁷, a medalla da Fundación Ricardo Rojas pola súa defensa da escola pública en 1992, en 1994 o Doutorado Honoris Causa da Universidade de Lomas de Zamora e, no mesmo ano, o II Congreso Ibero-Americano de Historia da Educación Latinoamericana (CIHELA) celebrado en Campinas (Brasil) recoñéceo, xunto a Paulo Freire e a José Lunazzi, entre os mellores educadores vivos de América, ademais de ser declarado en 1996 *Ciudadano Ilustre* da cidade de Buenos Aires, en mérito ao seu traballo constante de renovación do pensamento pedagóxico e á creatividade con que levou adiante o seu labor docente. En México a súa obra foi declarada de interese educativo, e o seu libro, *La escuela rural unitaria*, foi impreso e entregado aos mestres rurais do país. Luis Iglesias morreu o 8 de agosto de 2010⁸.

ENTRE AVIDA DA ESCOLA E A CREACIÓN DE TEXTOS DIDÁCTICOS E PEDAGÓXICOS

O conxunto dos seus textos inscribíense dentro da corrente da Escola Nova, cuxos representantes foron a súa fonte de inspiración. Corrente que representou unha reacción contra a actitude especulativa do idealismo racionalista e do positivismo, ao tempo que rexeitou o formalismo, a memorización, o autoritarismo e a disciplina ríxida, como trazos característicos da educación tradicional, cara a un novo paradigma pedagóxico, baseado na aprendizaxe activa, cooperativa, personalizada e libre.

Cumpre sinalar que na Arxentina, a partir das décadas dos anos vinte-trinta do século XX diversos mestres, pedagogos e inspectores foran animados por estes principios e envorcáranse a realizar experiencias diversas. Ademais de Luis Iglesias, podemos mencionar a Olga e Leticia Cossetini, a José Rezzano e a Clotilde Guillén de Rezzano, entre outros. Cabe destacar ademais as experiencias realizadas por Jesualdo en Uruguai, na súa escola de Canteras de Riachuelo (Colonia).

Na escola rural unitaria foi onde mellor se manifestou a súa pedagogía profundamente humanista. Propugnou nela vínculos educativos máis horizontais, coa oposición da burocracia do sistema escolar, o que fixo difícil a súa relación coas estruturas administrativas, tanto polas alteracións curriculares provocadas, como polas posicións políticas de avanzada e a militancia sindical compartida con moitos dos docentes e creou ferramentas didácticas que naceron das necesidades que xurdían no aula.

Entre esas innovacións pódense mencionar o laboratorio, ao que lle axudou a súa muller, a galega Clementina Lestón, e o museo escolar —no que os nenos participaban activamente—, un espazo que permitía conxugar o ensino das ciencias naturais coas ciencias sociais. Outra das súas

⁷ “Con Clementina, mi esposa, viajamos a España, Italia, Grecia... y Galicia!”, indicounos en correspondencia particular.

⁸ Sobre a súa figura escribíronse diversos textos periodísticos, como o de Abramowski (2009).

achegas pedagóxicas foron os guións didácticos. Entregábaselle a cada grado, dos sete que había na escola, un conxunto conformado por material gráfico, fotografías, debuxos e outros elementos ilustrativos, que incluían preguntas e oracións inconclusas, para que os nenos traballasen libremente e en forma autónoma. Os “caderniños de pensamentos propios” eran cadernos persoais de cada alumno para escribir e debuxar espontaneamente. Alí os nenos podían expresar ideas, sentimentos e experiencias da vida cotiá. Logo eran lidos polo mestre, que daba a súa opinión.

Luis F. Iglesias foi autor das seguintes obras: *La escuela emotiva (Ensayo pedagógico)*, 1945; *Viento de estrellas (Antología de creaciones infantiles)*, 1950; *La escuela rural unitaria*, 1957⁹; *Diario de ruta: Los trabajos y los días de un maestro rural*, 1963, con terceira edición en 1980; *Didáctica de la libre expresión*, 1979; *Pedagogía creadora*, 1980; *Aprendizaje vivencial de la lectura y la escritura*, 1987; *Los guiones didácticos: Técnica para la conducción del aprendizaje*, 1988; *Confieso que he enseñado*¹⁰, 2004.



Reproducción de tres das portadas das obras de Luis F. Iglesias, de esquerda a dereita: *La escuela rural unitaria*, *Diario de ruta* e *Aprendizaje vivencial de la lectura y la escritura*.

⁹ A obra escrita en 1956 como froito dos seus anos de escola desde 1938 goza de diversas edicións en Arxentina e en México. A cuarta edición feita en México achegouse aos 40.000 exemplares, ao ser un libro repartido desde o Ministerio de Educación aos mestres rurais. A máis recente edición consta como *La escuela rural unitaria. Fermentario para una pedagogía creadora*. Buenos Aires: Editorial Magisterio del Río de la Plata, 1995 e inclúe os seguintes capítulos: “A escola rural nº 11”, “A técnica de traballo”, “Como traballamos en matemáticas”, “Aprendizaxe da lecto-escritura”, “A expresión escrita”, “A expresión plástica”, “Lectura e escritura”, “Os capítulos da historia”, “Estudo da contorna e da xeografía”, “Ciencias naturais e traballos experimentais”, “Cine, música, xogos e outras actividades” e “Autonomía e conducción da clase”.

¹⁰ Nesta obra, publicada por Papers Editores en Buenos Aires, fai un balance da súa traxectoria vital-profesional.

Diríanos en carta persoal en 1997 acerca da súa publicística:

En mis publicaciones soy reiterativo. Incluyo trozos de unas y otras obras publicadas, páginas, capítulos y agregados con los que abrumo a mis lectores, pero es mi estilo. Me apoyo siempre en los autores de mi máxima confianza y cuando no encuentro lo que necesito tengo la audacia de ‘recurrirme’ a mi propia obra.

E valorándaos, dirá Ricardo Nervi (1985, pp. 13-14):

La escuela pensada, vivida, descrita por Iglesias es la escuela de la democracia; su entorno es la de la libertad orientada hacia la co-participación solidaria y responsable, hacia la socialización, sin demérito de la individualidad del niño. En esa escuela el maestro asume la función orientadora del aprendizaje apelando con frecuencia a la observación y a la experimentación estimulando las aptitudes creadoras del educando (...) Adoptó, en la línea de Freinet, la posición de un activismo socio-céntrico, adhiriéndose a la vigorosa corriente de una pedagogía científica, distante y distinta de la hipertrofia científicista y ajena a las estridencias del neoconductismo y sus publicitadas taxonomías con las que, só pretexto de confusas reformas, se frena la continuidad de procesos que entroncan con la mejor tradición de nuestras instituciones educativas. Recoge, así, la herencia democrática y popular de quienes -sin renegar del sentido universal y unitario de la cultura- construyeron y desarrollaron una educación nacional acorde con el ideario *sarmentino*.

O MESTRE E O SEU CONTEXTO

A vida e obra de Luis F. Iglesias están ligadas indisociablemente co seu contexto. Durante as primeiras décadas do século XX case todas as sociedades latinoamericanas seguían sendo en gran medida agrarias e a maior parte da poboación era campesiña. Isto sucedía tamén en Arxentina, aínda que alí desenvolvéronse importantes concentracións urbanas asociadas á actividade exportadora. O impacto destes cambios económicos foi moi importante nas cidades, modificando a súa fisionomía e albergando a barriadas populares, en moitos casos formadas por campesiños que se trasladaban en procura de mellores horizontes de vida.

Asociado a este movemento xorde o fenómeno da ampliación das clases medias, cuxos integrantes desenvolvían unha variedade de profesións liberais e actividades comerciais, conformando grupos de moi diversas orixes e condición que se caracterizaban pola procura de ascenso social a través da prosperidade económica e da educación, que tamén demandaron paulatinamente a participación política, a transparencia nas eleccións e intentaban conformar partidos políticos estables e democráticos.

No caso de Arxentina este proceso deu lugar ao acceso ao goberno do *irigoyenismo* en 1916¹¹, pero en 1930 produciuse un golpe de estado civil e militar que interrompeu o proceso institucional

¹¹ Hipólito Irigoyen, dirixente político do partido Unión Cívica Radical, foi o primeiro cidadán arxentino electo como presidente constitucional da nación por medio de sufraxio universal masculino e secreto en

provocando un retroceso nas aspiracións democráticas de gran parte da sociedade arxentina. Aínda que o papel do exército neste período resultaba novo, algo similar sucedeu coa igrexa que adquiriu maior protagonismo na vida social e política arxentina. Así, comezou a perfilarse a idea de que exército e igrexa representaban os valores nacionais.

Neste marco, xurdiron propostas educativas como as levadas a cabo na Provincia de Buenos Aires durante o goberno de Manuel Fresco (1936-1940). Baixo o lema “Deus, Patria e Fogar”, propoñíase a creación dunha nova escola tendente a valorar o ensino de actividades prácticas e a orientación manual-agrícola e a reforzar o asentamento das familias no campo. A educación nestas zonas pasou a ser revalorizada tanto en termos de brindar aprendizaxes cunha orientación agrícola, como de xerar estratexias de arraigo poboador.

Asignábaselle á escola unha función fundamental na construción da cidadanía no medio rural. Perseguíase ademais o propósito de homoxeneizar a poboación e difundir os principios de nacionalidade, ademais de propiciar a identidade desta escola rural respecto da urbana, fundamentalmente adaptada ao medio xeográfico e físico —social, razón pola cal se reivindicaba a necesidade de organizar o ensino primario agrícola. É neste contexto no que se desenvolverá a experiencia de Luis Iglesias na escola rural unitaria N° 11 de Tristán Suárez, que se sitúa no marco das correntes escolanovistas da época.

GALICIA E LUIS F. IGLESIAS: SOCIO DE HONRA DE NOVA ESCOLA GALEGA

No mes de xuño de 1993, hai 23 anos, Manuel Bragado Rodríguez, en calidade de Director da *Revista Galega de Educación*, recibía en Vigo unha carta procedente da Arxentina, asinada por ‘un tal’ Luis F. Iglesias, encabezada coa data de 28 de maio, e como “Distinguido colega”¹² dicía:

En la feria del Libro que anualmente se celebra en Buenos Aires mi primera visita es para el lugar donde se exponen libros, revistas y todo otro material de la cultura gallega. Fui gratísimamente sorprendido por la presencia de *Revista Galega de Educación* que Ud. dirige. ¡Qué alegría! Por sus contenidos, por su calidad, por su ubicación pedagógica, me siento consustanciado con la empresa que Ud. y sus compañeros llevan adelante. En la Feria había algunos números de la publicación y los llevé todos, al menos un ejemplar de cada uno de ellos. Los tengo sobre mi mesa, los releo y subrayo casi diariamente (tengo los nº 3, 7, 9, 10, 12 y 14. Tal vez en el Centro Gallego de Buenos Aires encuentre algún número más). La revista hace honor a los más altos valores de la pedagogía innovadora y humanista que con tantas avidez leímos los maestros de nuestra América (...) Mi deuda de amor con la tierra gallega es viva, profunda. La dedicatoria que lleva mi *Didáctica de la libre expresión* lo dice. Y también mi discurso en el Premio Aníbal Ponce. (...) Tengo

1916; permaneceu no poder ata 1922, en que asumiría a presidencia da Nación outro destacado membro da Unión Cívica Radical apoiado por Hipólito Irigoyen. Este volveu ser electo presidente en 1928, sendo derrocado en 1930; o primeiro presidente constitucional derrocado por un golpe de estado.

¹² 78 anos de Luis F. Iglesias ‘contra’ só 32 do Director da *Revista Galega de Educación*.

la esperanza de visitar Galicia, recorrer otra vez sus caminos y llegarme a las aldeas, hoy pueblos, donde nacieron y vivieron mis padres: Merza, Vila de Cruces, Bodaño... Mi esposa nació en la playa, hermosa, de Sardiñeiro, camino de Finisterre. Hago votos laicos por el porvenir de la *Revista Galega (de Educación)*. Muy cordialmente.

Na misiva tamén expresaba ser autor de diversos textos de pedagogía, dos que nos remitía dous por correo a parte, coñecer os nomes de Luzuriaga e de Cossío, as Misións Pedagóxicas da República e anunciábanos a súa saída para México onde ía recibir unha homenaxe dos educadores polos seus textos.

Publicamos esta carta no nº 17 (xullo de 1993) da *Revista Galega de Educación*, pero non sabiamos máis de quen era o seu autor. Aínda non era tempo de Internet (con *Google* e a *Wikipedia*) e sabiamos moi pouco da máis recente educación latinoamericana, a pesar de ter un coñecemento investigador relativamente logrado sobre as escolas fundadas en Galicia polo nosos emigrados a América. Manolo Bragado delegou en min para entrar en contacto con este Luis F. Iglesias: quen era?, que tiña que ver con Galicia, que parecía bastante?

Eu escribinlle un texto longo, pois había que dicirlle quen eramos nós, que era Nova Escola Galega, de onde viñamos, que pretendiamos coa *Revista Galega de Educación*, en que contexto social e cultural desenvolvíamos as nosas accións e reflexións; ademais aproveitei para contarlle quen era eu, docente e investigador. Esta carta acompañeina dun exemplar do meu libro *Escolas e Mestres* (editado en 1989) e de varios números máis da *Revista Galega de Educación*. Puido acabar aí esta pequena historia, pero por fortuna non foi así. Moi pronto, o 24 de setembro de 1993 encabezou para min un longo mecanoescrito¹³, do que extracto o seguinte:

No sé escribir gallego, aunque lo leo y lo entiendo. Cuando los gallegos se afincan en Argentina o en América Latina, ellos y sus descendientes, hablan en español. Yo oí hablar en gallego a mis padres y a mis hermanas (mis hermanas de la dedicatoria de mi *Didáctica*...que llegaron afortunadamente de Galicia en 1931). Perdidamente enamorado, en los comienzos de mi experiencia de la escuelita de Tristán Suárez, lector de la entrañable Rosalía, hice versos en gallego... Ella, Clementina Lestón, nacida en Sardiñeiro y llegada a Buenos Aires en 1927, vivió, gozó y sufrió las alegrías y las penurias de mi obsesivo oficio: como doctora en bioquímica hizo honor a la Galicia de la inmigración armando y conduciendo el Laboratorio de Análisis Clínicos más importante del país y tal vez de nuestra América de las últimas décadas.

Después de haber recibido su carta en donde me anuncia: “alí lle vai documentación de Nova Escola Galega e un libro meu”... recogí en Correos el paquete que me enviaron: Oh, sorpresa gratísima! Porque ‘ese libro meu’¹⁴ ya lo tenía! Leído y subrayado, y gustado! Ocurrió lo siguiente: en Mayo de 1990, caminábamos por una de las calles de Santiago

¹³ Cinco follas dun texto entrecortado, por unha viaxe coa súa dona, fóra de Buenos Aires, e rematado a 20 de outubro de 1993.

¹⁴ *Escolas e mestres*, publicado en 1989.

para llegar al hotel, apurados por la hora del tren, cuando en una esquina con una librería una muchacha que vendía libros por ser la Semana o Día del libro, me ofrece un libro. Se lo arrebaté de las manos, no quería creer: *Escolas e Mestres. A educación en Galicia*, era el título¹⁵. Ansiaba tanto y desde hacía tanto tiempo conocer la vida de las escuelas y de los maestros gallegos, que comencé a hacer una lectura inmediata. En busca de lo que me era urgente, la lectura era desordenada, saltando capítulos y párrafos, comenzando casi siempre por las notas al pie. Conozco el oficio y sé cuanto llevan las notas, a veces breves, que el autor deja al paso, como un guiño, al amigo que lo lee.

Es tan denso y rico su admirable libro que no termino de releerlo y pensarlo. Con sobriedad y método, la suya es la historia que está escrita con claridad meridiana y muestra al desnudo la azarosa y angustiada vida de la educación popular de Galicia (...).

La excelencia la encuentro en el rescate documentado y valiosísimo de la línea que ha seguido la educación popular dentro de la lucha política y social de Galicia, enfrentando a la vieja y poderosa acción del caciquismo, del clericalismo y de los ordenamientos autoritarios. No deja Ud. pasar oportunidad propicia para dar a la luz del día los datos, los nombres, los títulos de las publicaciones y los pronunciamientos de mentalidades esclarecidas que han dejado huella fecunda en esa historia gallega de la educación. Para mí, repito, esto es una fiesta, y a veces un renglón, una parte de una línea, me conmueve. Y si la trayectoria histórica de la educación gallega muestra, con su inteligente búsqueda, una valorización positiva indiscutible, las preocupaciones ineludibles del trabajo pedagógico de los maestros, por humildísimas y silenciadas que fueran casi siempre, su libro, con honesta sencillez, les da el lugar que nadie ni nada podrá negarles. Yo no solo celebro su libro, sino que también se lo quiero agradecer vivamente, por todo cuanto me trae y me enseña” (...).

Sea Ud. portador de mi más entusiasta saludo a los miembros de Nova Escola Galega y desde ya será para mi honroso que me cuenten como un maestro integrante de la Asociación, como Ud. me lo propone. He leído el documento de la Asamblea de febrero de 1990 y me adhiero levantando mis dos manos, con fervor y alegría (...). El pensamiento militante de nuestro periódico *Educación Popular* era el mismo que anima la Declaración de la Asamblea; ¿como no suscribirla con júbilo, orgullosamente?

Amigo mío, es tiempo de que mi monólogo llegue a su término, o sucederá que necesite rezos: mi madre “doña Joaquina” de chico me contaba que el párroco de su aldea hacía sus sermones interminables, y entonces las feligresas sabían que tenían que ponerse a rezar bisbiseando para que el cura pudiera terminar...Un fraterno y cálido abrazo”. Rubricado, Luis F. Iglesias.

Un paquete grande traíanos desde a Arxentina libros e folletos, incluíndo a fermosa edición de 1995 de *La escuela rural unitaria* (500 pp.) con dedicatoria “A mis compañeros de Nova Escola

¹⁵ Refírese, sen dúbida, ao Día das Letras Galegas e á Librería Couceiro, que estaba instalada no cruce das rúas Xeneral Pardiñas/ República do Salvador. En tal Día como noutros é habitual que a Librería instale un posto de venda de libros na rúa para favorecer a presenza dos libros galegos.

Galega¹⁶, así como recortes de prensa, fotocopias e informacións varias mecanoescritas, delineando un itinerario biográfico completo, que utilizamos no presente escrito. Tamén serviu para compoñer un artigo dado a coñecer nas páxinas da *Revista Galega de Educación* no nº 26 de Xuño de 1996, dedicado na parte monográfica, á Pedagogía Freinet, co título “Luis Iglesias, un mestre freinetiano galego-arxentino”¹⁷.

Luis F. Iglesias, estritamente falando, non formaba parte dunha rede de ensinantes freinetianos, porén, o seu xeito pedagóxico era enteiramente freinetiano. E el escribiría, á vista do artigo:

Celebro que me incluya en esa suma síntesis atinada referida a la obra de Freinet (A Freinet, Piaget y Pestalozzi rindió especial homenaje en Ginebra la Conferencia Internacional de Educación el año pasado). Justo y bueno. Cuando iniciaba mis experiencias en Tristán Suárez solo conocía muy escasas referencias de Freinet. Su indeclinable militancia de izquierda determinaba la mezquina referencia que se le hacía en ‘el mundo pedagógico’. Además, de una subestimación a la que son tan propensos ‘los medios de altos estudios’ cuando se trata de obras de creación no académicas o ‘científicas’... Tarde, en 1947, lei (y releí, releí!) *La imprenta en la escuela* de Almedros, que Luzuriaga había publicado en 1936 en sus amorosos tomos de “La Nueva Educación”. Desde luego incorporé a mis ensayos y prácticas cuantas obras fui conociendo después (de) la pedagogía Freinet, leídas en español, italiano o francés, alborzado con tan asombrosas coincidencias. En algún lugar de mis libros digo que tal vez no hubiera realizado (o inventado) materiales que por necesidades urgentes nacieron de mi inventiva, de haber conocido con anticipación las herramientas didácticas de la Escuela Freinet (en matemáticas, por ejemplo).

Para terminar dicindo:

Aprendí mi oficio de maestro leyendo y creando, avanzando y retrocediendo, afirmando y rechazando, regocijado y deprimido, triste y feliz (...) Creo pertenecer a la esforzada caravana de todos los que luchan por una escuela renovada, nueva, activa, nacida de la ciencia y del arte de la enseñanza y del aprendizaje, creadores, humanistas.

A Luis Iglesias escapáralle das mans unha posibilidade buscada de tornar a Galicia, onde agora tiña os “colegas” de Nova Escola Galega, entre outros posibles. “Como me gustaría que en Galicia (en Galicia!) mis libros encontraran algunos lectores amigos! (...) Me parece espléndido que los maestros gallegos reclamen lugar de intervención y lucha en la búsqueda *do modelo de escola pública*. ¡Quiero estar con Uds.!”.

No curso 1999-2000 celebrabamos na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago a conmemoración dos cento cincuenta anos da creación en Compostela da Escola Normal Superior (1849) mediante diversas actividades e publicacións e abríramos a posibilidade

¹⁶ Libro que está na nosa biblioteca persoal na Facultade de CC. da Educación, con outras contribucións do autor.

¹⁷ *Revista Galega de Educación*, nº 26 (1996), pp. 38-42. En carta de 30 de xaneiro de 1997 manifesta o seu agrado polo texto publicado: “Su generosa, fina e inteligente reseña me enorgullece”. Publicamos fragmentos dela na *Revista Galega de Educación*, nº 30, 1997, p. 4.

de traer canda nós a Luis F. Iglesias, daquela, en todo caso, mancado de saúde e necesitado dunha persoa de axuda, que tamén lla ofrecemos. Pero non foi posible: un problema circulatorio intenso e os 85 anos complicábanos. A conversa telefónica acabou atristurada, coas súas últimas palabras: *¡Qué hermosa es Galicia!*

...E JESUALDO, OUTRO MESTRE DE ESCOLA RURAL, EN CANTERAS DE RIACHUELO (COLONIA, URUGUAI)¹⁸

Jesualdo Sosa (1905-1982) nada tivo que ver con Galicia a través de lazos familiares e, porén, tivo amigos galegos que fixeron coñecer a súa obra na Compostela de 1935. Con brevidade diremos que Jesualdo Sosa, de procedencia familiar uruguiaia humilde e rural, foi poeta, escritor, mestre e destacado pedagogo. Como no caso de Luis F. Iglesias, foi en particular a súa experiencia pedagóxica realizada entre 1925 e 1935 na escola rural de Canteras de Riachuelo, con nenos case adolescentes fillos dos traballadores das canteiras e dos barcos areeiros no Plata a que lle deu o maior recoñecemento. Unha escola que era “taller pedagóxico de primeira calidade” (Iglesias, 1982, p. 15), como escribiu Luis F. Iglesias, na que nenos e nenas viviron unha intensísima experiencia de libre expresión, que quedou reflectida no libro *500 poemas de los niños de la escuela de Jesualdo*¹⁹. Jesualdo, autor el mesmo dunha obra poética recoñecida, escribiría logo sobre as súas experiencias escolares *Vida de un maestro* (1935), obra luminosa que sacudiu aos mestres e mestras tanto uruguaios como arxentinos do ancho Plata. Logo virían outros numerosos e valiosos textos, entre eles: *La expresión creadora del niño* (1950), *La literatura infantil*, *Los fundamentos de la nueva pedagogía*, *Historia de las ideas educativas en América* (cinco vols.), *La escuela politécnico-humanista*, sobre a experiencia educativa vivida e coñecida na República Democrática de Alemania (1974) ou *17 educadores de América* (1945).


Que relación con Galicia? Hai décadas (puido ser en 1977) estaba eu iniciando os primeiros pasos documentais e de iniciación da miña tese de doutoramento. Estando en Compostela era ‘natural’ que, en función da temática seleccionada en relación con Galicia e a historia escolar contemporánea, fose abeberar á Biblioteca do Padre Sarmiento²⁰. Entre os milleiros de folletos alí arquivados e entre moitos que me chamaron a atención, estaba un breve que fotocopieei titulado *Exposición Resol, Acuarelas, Dibujos y Poemas por los niños de la escuela de Canteras del Riachuelo en Colonia (Uruguay). Maestro y poeta: Jesualdo. En Santiago de Compostela primavera de 1935 Pabellón de*

¹⁸ Falando de Luis F. Iglesias e de Galicia, pode ser oportuno referirse ao profesor Jesualdo Sosa, de quen se tivo coñecemento na Compostela de 1935. Distintas aseveracións de Luis Iglesias poñen de relevo o coñecemento persoal existente entre os dous e mesmo a súa amizade, do que pode ser proba a “Laudatio” que lle fai en 1982 en Buenos Aires no momento de facérselle a Jesualdo un recoñecemento público (Iglesias, 1982).

¹⁹ A segunda edición fíxose en Buenos Aires en 1945 ampliada dun primeiro libro que contiña 180 poemas. Libro que incorpora un fermoso estudo da doutora Esther de Cáceres en relación coa expresión creadora infantil.

²⁰ Así nos referimos, polo común, á Biblioteca do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, que herdou fondos do anterior Seminario de Estudos Galegos. Ao día de hoxe seguimos abeberando deste manancial sempre pródigo, fresco e rico.

*la Herradura*²¹. Folleto que encarguei fotocopiar, cando menos parcialmente, tal como no presente conservo. Jesualdo non tiña daquela para min nin resonancia, nin maior interese, aínda que espertara unha certa curiosidade polo que significaba a creación literaria infantil, o que con todo non cheguei a valorar historicamente, no medio de tantos outros datos e referencias manexadas.



Reproducción da portada fotocopiada do folleto da *Exposición Resol*.

Bastantes anos máis tarde, se ben a memoria non me permite concretar, intentei volver sobre ‘este pequeno dato’, procurando por iso localizar o orixinal na Biblioteca do Padre Sarmiento, o que non se logrou. Recentemente volvemos sobre ‘este pequeno dato’²², apremado polas referencias

²¹ O documento fotocopiado, ao que lle unín manuscrito “Ed. Nós” componse de Portada e contraportada (branca); páxinas 1-5: Palabras de Jesualdo; páxina 6, branca; pp. 7-8 con texto de Norberto A. Frontini: “Jesualdo, Maestro”; e de seguido e sen paxinar un total de 16 pp., isto é, oito brancas antecedendo sempre a oito impresas intercaladas contendo textos de prosa poética: “La música”, “Porque se hizo danzarín el pájaro”, “Por entre mis árboles”, “Sobre el silencio”, “Dulzura infinita”, “Vida de las flores”, “Hacia donde voy por el camino” e “El cielo y sus estrellas”, sendo os seus autores nenos e nenas comprendidas entre os 11 e os 14 anos.

Di aquí Jesualdo: “Canteras del Riachuelo: perdido puerto costanero, villorio enclavado entre canteras de granito, médanos, bosques, valles, peñascos, y abrazado por el Plata que le va dejando arena fina en sus playas de suavísimos arcos”, *ibid.*, p. 1.

²² No inicio do mes de xuño de 2016 de novo se fixo unha revisión de ficheiros manual e dixital na Biblioteca do Padre Sarmiento con resultados negativos, podendo deberse tanto a un traspapelamento efectivo, como a que alguén inadecuadamente se apropiase deste documento. É descoñecido no coidadoso estudo das edicións de Nós realizado por Alfonso Mato (2007).

e amizade de Luis F. Iglesias a Jesualdo. Igualmente con resultados negativos en canto a súa localización alí. Acudimos, entón, aos xornais compostelás da primavera de 1935 con resultados tamén negativos en *El Compostelano*, pero cunha información ‘concreta’ aparecida en *El Eco de Santiago* do 23 de Maio inserta na p. 2 que di:

Importante Exposición:

Próximamente se celebrará en Santiago una exposición de poemas y acuarelas de la escuela de Jesualdo. Accidentalmente se encuentran en Galicia estos trabajos procedentes de la exposición celebrada en París, en donde ha sido considerada como uno de los acontecimientos más importantes de la vida parisina.

Se ha expuesto solamente en Madrid y Montevideo, lo que hace que esta exposición tenga una importancia extraordinaria. Oportunamente daremos datos sobre la fecha de su inauguración, que será la próxima semana en el Pabellón de la Herradura.

Case con lupa observamos os seguintes quince días deste xornal sen que aparecese ningunha nota ou reportaxe sobre a inauguración prometida, descoñecendo, pois, maiores referencias sobre ela e sobre o seu eco compostelá. En todo caso, era un proxecto das xentes de *Resol*, a singular e culta, pero tamén ventureira, folla poética lucense-compostelá²³ dirixida sucesivamente por Arturo Cuadrado, Luis Seoane e Ánxel Fole, baixo a comprensión e esforzo editorial, unha vez máis, de Ánxel Casal. Quen estaría en relación cos do Uruguai e con Jesualdo? Unha revisión de *Resol* pon de relevo que nos números 4, 6 e 8 (este, con ocasión do Día da Patria de 1933) hai referencias poéticas ao mundo infantil, sendo unha das autoras Esther de Cáceres e no estudo que acompaña a esta edición facsímile de *Resol* indícase que Esther de Cáceres (Montevideo, 1904) era amiga dos irmáns Dieste²⁴ e vimos atrás como esta autora realiza en 1945 un estudo introdutorio aos *500 poemas de niños...* que editou Jesualdo. Podería ser esta a clave ou tamén complementariamente poderíamos pensar no papel de Otero Espasandín quen en Madrid desde xaneiro a xullo de 1935 dirixe os sete números de *P.A.N.: Revista epistolar y de ensayos*, con nutrida presenza de autores uruguaios.

Sexa como for, quede aquí apuntada esta ‘pequena historia’ que rematamos coas fermosas palabras de Jesualdo editadas na Compostela de 1935: “El niño es creador siempre. Y cuando no lo es, es porque se le obliga a no serlo (...) Al niño le es necesario un ambiente que lo esté dignificando siempre y nunca denigrando o amargando”. Unha mensaxe que Jesualdo e Iglesias compartían e que mantén a súa actualidade.

²³ *Resol* (edición facsímile ao coidado de Alonso Girgado). Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro/ Xunta de Galicia, 1984.

²⁴ *Ibid.*, pp. 96-7. Amiga tamén de Gabriela Mistral e de Juana de Ibarbourou, mulleres escritoras influíntes entre o maxisterio latinoamericano. Esther de Cáceres chegará a ser secretaria da Academia de Letras do Uruguai e titular da cátedra de literatura da Universidade de Montevideo.

MENSAXES DE CERRE PARA AS NOSAS ESCOLAS DOS CONTEXTOS RURAIS

Os exercicios docentes de Luis F. Iglesias e de Jesualdo Sosa, aínda estando separados da xeografía de Galicia, pero certamente próximos intelectual e emocionalmente, poden ser testemuños valiosísimos para a práctica educativa nas escolas galegas, en particular as dos contextos rurais. Por máis que situados temporalmente nun tempo xa un algo distante do noso presente, como as grandes educadoras e educadores cuxos nomes recoñecemos como valiosos, Pestalozzi, as irmás Agazzi, Hermann Leitz, Célestin Freinet, o mestre de Barbiana..., en tanto nos seguen dando exemplos de vida e de acción educadora, tamén o poderán facer o galego-arxentino (ou arxentino-galego) Luis Iglesias, que tanto apreciou ser recoñecido polo profesorado galego, e Jesualdo Sosa, que tivo a fortuna de ser valorado en Compostela no tempo da República.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abramowski, A. (2009). Homenaje a un gran maestro. *El Monitor*, 22, 10-14. Disponible en: <http://www.me.gov.ar/monitor/nro0/pdf/monitor22.pdf>
- Amigos de Aníbal Ponce (1985). *Luis F. Iglesias. Premio Aníbal Ponce*. Buenos Aires: Ediciones Amigos de Aníbal Ponce.
- Iglesias, L. F. (1979). *Didáctica de la libre expresión*. Buenos Aires: Ediciones Pedagógicas.
- Iglesias, L. F. (1980a). *Viento de estrellas (Antología de creaciones infantiles)*. Buenos Aires: Ediciones Pedagógicas.
- Iglesias, L. F. (1980b). *Diario de ruta, Los trabajos y los días de un maestro rural*. Buenos Aires: Ediciones Pedagógicas.
- Iglesias, L. F. (1982). Laudatio de Luis F. Iglesias. En Amigos de Aníbal Ponce: *Jesualdo. Premio Aníbal Ponce, 1981*. Buenos Aires: Ediciones Amigos de Aníbal Ponce.
- Iglesias, L. F. (1988). Carta confidencial de agradecimiento a los docentes de E. Echevarría. Documentación particular.
- Iglesias, L. F. (1992). En la escuela no se enseña a estudiar si no se enseña a pensar. *Novedades educativas*, n.º 26.
- Mato, A. (2007). *Ánxel Casal, un editor para un País*. Santiago e Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Nervi, R. (1985). Discurso, en Amigos de Aníbal Ponce: *Luis F. Iglesias. Premio Aníbal Ponce*. Buenos Aires: Ediciones Amigos de Aníbal Ponce.
- Piña, C. (1990). *Una epopeya silenciosa. Maestros rurales en Argentina*. Buenos Aires: Fundación Navarro Viola.
- Sosa, J. (1935). *Vida de un maestro*. Montevideo: Trilce.
- Sosa, J. (1938). *180 poemas e los niños de la escuela de Jesualdo*. Buenos Aires: Claridad.
- Sosa, J. (1968). *Los fundamentos de la Nueva Pedagogía*. Caracas: Ediciones de la Biblioteca de la Universidad Central de Venezuela.